



Asociación
Nacional
de Directores
de Banda



Banda Sinfónica
Infantil de Galicia



Plan Nacional de
Bandas de Música



Banda Sinfónica
Xuvenil de Galicia

I CONCURSO DE RELATO CURTO “Música, lingua e valores”

A Asociación Nacional de Directores de Banda, a través da Banda Sinfónica Infantil e Xuvenil de Galicia, organiza este concurso para alumnos da E.S.O. dos centros educativos de Galicia.

Bases

1ª Os relatos deberán ser orixinais, inéditos, non premiados noutros certames. Deberán estar escritos en galego, con temática libre pero no que se transmitan valores.

2ª Poderán presentarse todos os alumnos e alumnas que cursen estudos da E.S.O. nun centro educativo de Galicia.

3ª Cada autor/a poderá presentar o número de traballos que estime oportunos.

4ª Os relatos terán unha extensión mínima de 450 palabras e máxima de 550. Escritos en soporte Word, letra Times New Roman de 12 puntos a dobre espazo.

5ª Enviaranse por correo electrónico a: ***bandasinfonicadegalicia@yahoo.es*** en dous arquivos:

5.1. O primeiro denominado DATOS onde remitirá cuberto o formulario de participación para o concurso.

5.2. O segundo denominado RELATO CURTO no que figurará: - o/os relato/s - o/os título/s - o pseudónimo utilizado -

6ª O prazo de envío dos textos estará aberto entre o 6 de febreiro ó **20 de marzo** do 2017.

7ª A Comisión Organizadora designará un Xurado Cualificador que será quen decida sobre calquera dúbida que poidan orixinar estas BASES, sendo o seu fallo inapelable.

A deliberación do xurado darase a coñecer no mes de abril de 2017 a través da web: www.bandasinfonicadegalicia.com



Asociación
Nacional
de Directores
de Banda



Banda Sinfónica
Infantil de Galicia



Plan Nacional de
Bandas de Música



Banda Sinfónica
Xuvenil de Galicia

8ª Establécese un único premio.

Este premio é especial e innovador e fai referencia ó lema e obxectivo deste Concurso: *“Música, lingua e valores”*.

A organización encargará a un/unha recoñecido/a compositor/a a musicalización do relato no formato: Narrador e Banda Sinfónica. A partitura (máis o texto) editarase e será estreada pola Banda Sinfónica Xuvenil ou Infantil de Galicia no seu vindeiro encontro.

Ó/Á gañador/a convidarase a participar nos ensaios e concerto de presentación da obra; no que se lle fará entrega dun diploma así como de exemplares editados da mesma.

9ª A obra será propiedade da entidade organizadora, polo que os autores e autoras aceptan ceder todos os seus dereitos e a corrección das faltas gramaticais e léxicas para a súa publicación.

10ª O premio poderá quedar deserto. As decisións adoptadas polo xurado serán inapelables en todos os casos.

11ª A participación neste Concurso significa a plena aceptación destas Bases.

12ª Os datos persoais incluídos neste certame só serán coñecidos pola organización do concurso, quen garante o anonimato dos autores e autoras dos relatos durante todo o proceso de selección e deliberación do xurado e serán obxecto de tratamento automatizado no ficheiro da Asociación Nacional de Directores de Banda cuxa finalidade é a xestión e control do premio concedido polo xurado. Os seus datos persoais non serán comunicados ou cedidos a terceiros. O/A interesado/a poderá revogar o seu consentimento así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición no enderezo de correo: bandasinfonicadegalicia@yahoo.es



FORMULARIO DE PARTICIPACIÓN

I CONCURSO DE RELATO CURTO “Música, lingua e valores”

Pseudónimo utilizado:

Nome e Apelidos:

Curso:

Nome do centro onde estuda:

Nome do pai/nai/titor:

Enderezo:

Teléfono:

Email:

AUTORIZACIÓN DE PARTICIPACIÓN

..... con DNI
....., como pai/nai/titor legal do menor
.....

AUTORIZA a participación do citado menor no **I CONCURSO DE RELATO CURTO “Música, lingua e valores”**, convocado pola Asociación Nacional de Directores de Banda, respectando as bases establecidas.

....., de de 2017

Asdo.: